

Creación e actualización de perfís científicos

Información sobre a creación de perfís científicos en ORCID, ResearcherID, Web of Science, Scopus e Google Scholar.

ORCID

A USC publicou unha [Guía para crear e completar un rexistro en ORCID](#), na que se pode consultar o procedemento para dar de alta unha conta, engadir publicacións e importalas dende outras redes como Scopus, ResearcherID ou Google Scholar.

Scopus

Scopus permite a procura do perfil de usuario por apelido e código ORCID. Mediante a funcionalidade "Edit profile" pódense buscar artigos para engadir ao perfil ou exportar os resultados, incluíndo o formato FECYT CVN.



ResearchID

ResearchID permite a xestión dos perfís de investigación de Web of Science. Neste momento a xestión do perfil de Web of Science faise coa ferramenta [Publons](#).

Esta ferramenta permite a xestión de publicación do perfil, a exportación do perfil, o seguimento de citas e a xestión de revisións por pares.

Google Scholar

Google permite a [creación de perfís](#) sempre que se dispoña dunha dirección de Gmail. Pódense



engadir publicacións no seguinte menú.

Research Gate

[Research Gate](#) é unha rede de investigadores que permite compartir os nosos artigos e conta con moitas outras funcionalidades. Aconséllase subir os artigos en formato *preprint* para non entrar en conflito coas políticas de compartición de artigos das diferentes editoriais.

From:
<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:
https://wiki.citius.usc.es/centro:comunicacion:xestion_perfis

Last update: **2021/03/08 10:18**

